



20 MAR. 2017

Entrada nº: 1245

Saída nº: .....

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a obriga a dar resposta pola Alcaldía dos escritos presentados por as formacións políticas e os veciños.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entendo que o control, o acceso a documentación, así como a obtención de información é unha das obrigas de toda formación política para o control da xestión da Alcaldía e do equipo de goberno. Pola contra, a carencia de todas elas é un claro reflexo da falta de transparencia, comunicación, así como unha obstrución á labor de control, ao que temos dereito o que ademais é a nosa responsabilidade.

Tendo constancia de que esta ausencia de contestación é unha dinámica que non só afecta a este partido si non que tamén ocorre con moitos escritos presentados polos nosos veciños e veciñas, os cales carecen de resposta, dándose a paradoxa de que todos estamos obrigados a contestar e cumprir coa administración nos prazos que a mesma establece.

A Pobra do Caramiñal

No Pleno celebrado no pasado mes de Setembro, unha moción presentada neste senso foi aprobada por unanimidade, comprometéndose o Alcalde persoalmente a contestar os escritos presentados.

Incumprindo o aprobado polo Pleno o pasado 29 de Setembro do 2016 o grupo municipal do Partido Popular somete de novo a aprobación do Pleno o seguinte acordo:

A Alcaldía comprométese a contestar nun prazo máximo de quince días os escritos presentados polas distintas formacións políticas poñendo a disposición das mesmas o solicitado en ditos escritos.

Tamén comprométese a contestar nun prazo máximo de 30 días a todos os restantes escritos presentados.

Pobra a 15 de Marzo de 2017.

  
Manuel Mª Durán Guillán  
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**